

À NOUS LA LIBERTÉ

René Clair, 1931

1724

ESTREA EN NUMAX: 23.05.2026 | V.O.S.E. | 79 min

Dous presidiarios deciden fugarse pero cando están a piques de acadar a liberdade son descubertos. Un deles decide sacrificarse polo outro, que chegará a converterse nun grande empresario grazas a unha moderna fábrica de fonógrafos. Cando o segundo consegue saír da cadea, ambos volven encontrarse. René Clair asina en 1931 un musical social de sorprendente vixencia que ofrece unha divertidísima sátira do traballo en cadea citado por Chaplin en "Tempos modernos".

«Unha comedia francesa encantadora e enxeñosa, con imaxinación e sátira pouco comúns»

Mordaunt Hall, THE NEW YORK TIMES



A fábrica como cárcere

À nous la liberté expón claramente as súas ideas: unha crítica á industrialización e á dura vida alienada dos traballadores de fábricas. Paradoxalmente, cando Émile sae do cárcere e acaba traballando na fábrica de Louis, efectúa o mesmo tipo de traballo mecánico e alienante que o que desempeñaba no cárcere. A pesar de ser supostamente libre, o seu modo de vida non cambiou gran cousa por moito que lle repitan esa frase chea de sarcasmo de que o traballo é liberdade.

As escenas da fábrica son do mellor da película, non só polos gags en si mesmos derivados da cadea de montaxe senón pola forma como se recrea ese mundo industrializado e mecánico a partir de poucos medios. Resulta inevitable que ao espectador actual lle veña á mente a posterior *Tempos modernos* (1936) de Chaplin e é que as similitudes son máis que evidentes. Na súa época de feito houbo unha demanda a Chaplin por plaxio da que este se defendeu argumentando que non vira o filme e que se arranxou baixo un acordo. René Clair sentiuse avergoñado da situación e non aprobou en ningún momento a denuncia. Segundo el, Chaplin era o mestre do que el aprendera, así que para el era unha honra servir de inspiración para o cómico, alén de ser unha forma de pagarlle por todo o que lle ensinara cos seus filmes.

Certamente, Clair non falaba por falar, xa que *À nous la liberté* ten unha débeda bastante clara co mundo do *slapstick*. O personaxe de Émile por exemplo é unha variación do clásico clown chapliniano, con esa bondade e inocencia natas alén dunha incapacidade por encaixar nun mundo estraño e hostil, iso sen esquecer a idea de ter que renunciar á moza. Indo aínda máis lonxe, Louis e Émile lembran tamén a parella Oliver e Hardy con ese contrapunto entre o personaxe máis soñador e algo bobo respecto ao seu compañeiro máis racional, e esa relación tan entrañable entre ambos reflectida en pequenos detalles como cando Émile se fai unha ferida na man e Louis lle pon coidadosamente unha venda.

Tamén hai esa idea tan típica do xénero de subverter as convencións sociais desafiando a autoridade ou destruindo esas reunións tan formais e burguesas (xa sexa a cea de etiqueta como as reunións de negocios da fábrica). Non é de estrañar esta marcada influencia do devandito xénero, xa que non debemos esquecer que Clair inicialmente estivo ligado ás vangardas cinematográficas e que estes artistas sempre mostraron unha gran devoción polo *slapstick* antes que por outro tipo de obras que gozaban de maior respectabilidade para o resto da crítica. A única diferenza está en que neste filme Clair fíxoo máis patente que noutras producións súas.

Unha comedia agradable e repleta de ideas que nos demostra como René Clair era un dos cineastas máis imaxinativos dos inicios do sonoro. Moi recomendable.

Publicado en elgabinetedeldoctor Abuse.com